

# CÓDIGO DE BOA GOBERNANZA DE OURENSE EN COMÚN



## PREÁMBULO

O Código de Boa Gobernanza de Ourense en Común (CBGC) presenta e establece os principios mediante os que Ourense en Común se fornece para a posta en práctica dun modelo de gobernanza acorde cos seus principios.

O CBGC, xa que logo, vén a completar ao Manifesto de Ourense en Común, á Declaración de Principios, o seu Código de ética política e á Carta de compromiso que, xunto co Programa Participativo, compoñen os elementos fundamentais do seu modelo político.

A Boa gobernanza é practicada coma unha gobernanza para o Ben común na que as persoas cooperan, confían e deciden xuntas dende a autonomía e o respecto, procurando o beneficio colectivo. Asemade, é entendida como una gobernanza permanente que se desenvolve ao longo do tempo, nun diálogo interxeracional e que ten en conta o noso legado para as xeracións futuras. Como tal, rexe tanto para Ourense en Común como proceso cidadán, como na súa participación institucional.

A cooperación cos distintos organismos institucionais nos diferentes niveis de goberno que afectan á cidadanía non pode ser obviada polos gobernos locais. O Comité das Rexións aprobou o 3 de Abril de 2014, apoiado polo Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, a Carta de Gobernanza Multinivel en Europa, pola cal se convida a traballar en asociación aos diferentes niveis de goberno (local, autonómico, estatal e europeo) e a aplicar unha serie de principios que deberían guiar a elaboración eficiente de políticas, co obxectivo de garantir o éxito nas políticas públicas en interese dos cidadáns: participación, cooperación, apertura, transparencia, inclusividade e coherencia.

A *Carta de Gobernanza Multinivel en Europa* xa foi asinada dende a súa publicación pola Xunta de Galicia, o Parlamento de Galicia e a Deputación de Ourense. Ourense en Común considera que estas declaracións de intencións non son, en absoluto, suficientes senón son verdadeiramente asumidas e aplicadas polos representantes políticos. Mediante este CBGC Ourense en Común manifesta a súa vontade política de poñer en práctica na súa participación institucional os principios nomeados neste documento, de igual xeito que o vén facendo dende a súa orixe.

A lexitimación democrática provén da consideración das demandas cidadás a través da súa propia participación nas institucións. Xa que logo, a elaboración participativa de normas que regulen os comportamentos para os procesos sociais é a mellor garantía contra a corrupción, e contra a competencia egoísta. Asemade, constitúe unha das ferramentas básicas para unha Boa Gobernanza.

O mellor é o resultado do esforzo colectivo e sempre é susceptible de mellora. O presente CBGC é parte dese traballo aberto e continuo.

## Disposicións

### 1. OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Este Código de Boa Gobernanza establece unha guía para orientar o traballo de Ourense en Común no marco da representación política institucional e as liñas de actuación das persoas participantes de Ourense en Común nos diferentes ámbitos de relación previstos no marco da actual lexislatura, sendo extensible a futuros períodos lexislativos mediante o consecuente acordo da Asemblea en Común.

### 2. GRUPO DE TRABALLO INSTITUCIONAL

2.1. O conxunto das persoas participantes de Ourense en Común no Concello de Ourense conformarán o Grupo de Traballo Institucional (GTI), que se sumará coma un máis aos existentes en Ourense en Común.

2.2. No caso de que algunha persoa participante de Ourense en Común entre a cumprir funcións noutra institución, pasará tamén a formar parte do GTI.

2.3. Atendendo ao principio de horizontalidade, as compoñentes destes decidirán quen é a coordinadora no caso de formar goberno ou voceira do grupo municipal en caso contrario. Esta persoa non debe ser a única cabeza visíbel e deberá garantir a cooperación dentro do grupo.

2.4. Xa que logo, designarase por parte do GTI a unha persoa que cumpra as funcións de enlace co Grupo de Traballo de Coordinación.

2.5. As persoas compoñentes do GTI non poderán exercer vogalías de Ourense en Común alén das relacionadas coas súas funcións como representantes institucionales.

2.6. O GTI regularase polas mesmas normas que o resto de Grupos de traballo de Ourense en Común naqueles aspectos non contemplados neste Código de Boa Gobernanza.

2.7. As persoas participantes de Ourense en Común no Concello ou en calquera outra institución rexerán as súas prácticas sempre en seguimento do Código de ética política, a Carta de compromiso e o resto de regulamentos, protocolos e códigos que rexen en Ourense en Común.

### 3. TOMA DE DECISIÓNS E RENDICIÓN DE CONTAS

3.1. O GTI se someterá as decisións de Ourense en Común, e en ningún caso será a súa dirección política.

3.2. Por parte de Ourense en Común realizarase unha Asemblea en Común específica, con carácter ordinario e unha periodicidade mensual, na cal o GTI informará da súa actividade de maneira escrita e oral, renderanse contas e tomaranse as decisións de carácter estratéxico que haberán de rexer a actividade do GTI e as persoas que o integran.

3.3. Nos casos de urxencia na toma dalgunha decisión estratéxica, convocaranse as oportunas asembleas extraordinarias.

3.4. Por parte da Asemblea en Común exploraranse e, no seu caso, implementaranse, mecanismos de consulta e ferramentas de toma de decisións en tempo real que axilicen os procesos de resolución interna.

3.5. En todo caso, será a Asemblea en Común quen delimite cales decisións poidan ser tomadas polo GTI ou os seus integrantes e cales deberán selo pola propia Asemblea, mediante os mecanismos e ferramentas dos que se dote para este fin.

3.6. O GTI e as persoas que o integran terán ó programa participativo como guía para a toma das decisións que se lles atribúan, que seguirá a evolucionar a través dos encontros de barrio e as mesas sectoriais.

3.7. Ademais tódalas súas compoñentes deberán informar persoalmente, polo menos, unha vez ao trimestre, da súa actividade institucional, mediante informe escrito e de forma presencial. Tamén deberán informar aos encontros de barrio ou mesas sectoriais que así o requiran.

3.8. As persoas participantes de Ourense en Común nas institucións comprometeranse a cumprir o calendario de encontros pola transparencia e o resto de medidas para a transparencia e a rendición de contas que aparecen no programa de Ourense en Común, así como con todas aquelas expresadas no Código de Ética Política e as que puidesen implementarse no futuro.

## 4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

4.1. En seguimento do programa participativo, impulsarase a creación, no ámbito municipal, dunha estrutura de debate, e máis adiante de decisión, a través do Consello Cidadán, órgano máximo de participación cidadá. Tamén se crearán, no caso de que non existan xa, consellos temáticos por áreas, coma o Consello da Vivenda, Consello da Mocidade, Consello pola Diversidade, etc. Estes consellos dotaranse dunhas ferramentas de participación favorecendo, dende o primeiro día, a entrada progresiva da voz das cidadás no Concello.

4.2. Impulsarase a creación, no ámbito municipal, dunha Concellaría de Participación e Transparencia. Con recursos e competencias suficientes para implementar consultas á poboación en temas de interese xeral (orzamentos, obras e infraestruturas, servizos...), facer efectiva a participación cidadá (información e debate, toma de decisións, xestión colaborativa...), velar pola transparencia na xestión municipal, tramitar as demandas, propostas, queixas e reclamacións da cidadanía ou avaliar a aplicación de códigos de transparencia e participación, entre outras.

4.3. En temas de excepcional transcendencia para o futuro da cidade e de interese xeral, tales como orzamentos, grandes obras, servizos, etc., abrirase un proceso de participación cidadá no que durante un período de tempo poderán debaterse tódalas opinións para poder tomar unha decisión común, podendo rematar nunha consulta á veciñanza.

4.4. Ademais destas ferramentas, poranse en marcha outras para promover a participación cidadá, xa explicitadas no programa (Rede de asociacións independentes, Rede de centros sociais autoxestionados, Observatorio Cidadán Anticorrupción...) ou ben de nova creación.

4.5. As persoas participantes de Ourense en Común nas institucións terán a obriga de cooperar en todo o necesario para que estas ferramentas poidan desenvolverse de forma efectiva.

## 5. REVOGACIÓN DE CARGOS

5.1. As persoas participantes de Ourense en Común nas institucións estarán supeditadas a tódalas decisións tomadas pola Asemblea en Común, o que inclúe tamén o momento no que esta entenda que a súa achega xa non é válida para o proceso no ámbito da representación institucional.

5.2. No caso de non atender a calquera dos puntos ou principios descritos neste documento, nos regulamentos, códigos e protocolos que rexen en Ourense en Común, estas persoas someteranse ao proceso de revogación descrito no Código de Ética Política, poñendo sempre o seu cargo a disposición da Asemblea en Común cando esta requírao.

5.3. Calquera persoa pode iniciar este proceso de revogación ante a Asemblea en Común, que de estimalo oportuno convocará á Comisión de Garantías Éticas, e esta, tras estudar o caso, emitirá unha proposta motivada de sanción ou de ausencia da mesma, sobre a que decidirá a Asemblea en Común.

5.4. Por parte de Ourense en Común estableceranse os mecanismos oportunos para evitar prácticas de abuso ou uso ilexítimo en relación ás propostas de revogación, para asegurar a independencia e imparcialidade da Comisión de Garantías Éticas, así como para dotar das oportunas garantías tanto aos procesos de revogación como ás partes implicadas.

5.5. Nas institucións nas que se teña representación, impulsarase a implementación de procedementos para a revogación de cargos e decisións por parte da cidadanía, coas debidas salvagardas para que tanto estes procesos como as partes implicadas neles contén coas debidas garantías.

## 6. ACORDOS CON OUTRAS FORMACIÓNS POLÍTICAS

6.1. Ourense en Común non realizará pactos para formar goberno no Concello de Ourense sumando concelleiras de outras candidaturas nin aportando concelleiras a un goberno liderado por outra formación. De tódolos xeitos poderá formar goberno en minoría.

6.2. De non ser a lista máis votada, Ourense en Común abrirá un proceso para valorar dar soporte a outra candidatura para que forme goberno, do cal non formará parte en ningún caso. As decisións a este respecto serán tomadas por parte dunha Asemblea en Común, na que se valoren todas as opcións e opinións atendendo aos principios de participación, transparencia e horizontalidade. O funcionamento desta asemblea rexeráse polos regulamentos, protocolos e códigos de Ourense en Común.

6.3. Calquera opción que se tome terá que atender, como criterios de valoración, á aplicación dos protocolos, códigos, regulamentos, mecanismos e procedementos impulsados por Ourense en Común e/ou ao cumprimento do seu programa ou das propostas estratéxicas que se determinen en cada caso. Así mesmo calquera opción que se tome deberá garantir o seguimento dos principios establecidos na Carta de Gobernanza Multinivel en Europa.

6.4. En relación a calquera posible acordo relativo a iniciativas lanzadas por outras organizacións políticas no Concello de Ourense, Ourense en Común tomará a decisión en base aos seus principios, os documentos de organización interna e o Programa Participativo.

### Disposición adicional

Á máxima brevidade posible realizarase unha Asemblea en Común para decidir o posicionamento de Ourense en Común en relación ás institucións supramunicipais.